

Ricardo Carvalho Calero




Resolve os retos da raposa

Fedella



Este ano as Letras Galegas dedicánselle ao escritor **Ricardo Carvalho Calero**, un dos intelectuais mais importantes da Galicia do século XX. Queres coñecelo un pouco mellor? Acompáñame nesta aventura pola súa vida e obra.



Sabías que...

Sabías que as letras galegas se celebran o 17 de maio porque tal día coma ese se publicou **Cantares Gallegos de Rosalía de Castro** no ano 1863



Ricardo naceu no ano **1910** en Ferrol onde pasou os seus primeiros anos de vida. Era o primoxénito de seis irmáns!

O pequeno Ricardo medra rodeado do fervedoiro que era o Ferrol Vello naquel momento, unha das principais sedes da Mariña española pero tamén un **lugar de pescadores e pequenos comerciantes**. Alí irá á escola, pero cando comeza xa sabía ler e un pouco escribir porque; aprendera na casa coa súa nai lendo as noticias do xornal.

No **1919**, cando o noso protagonista inda non fixera os nove anos, a súa nai falece debido a unha **epidemia de gripe** o que vai supor un duro golpe na súa vida e que o converterá nun neno tristeiro, serio e moi maduro para a súa idade; tal e como el mesmo recoñecerá tempo despois.

1 Primeiro enigma

Busca na sopa de letras **catro cidades nas que viviu Ricardo Carvalho Calero** ao longo da súa vida



F	E	R	R	O	L	T	L	U	G	O
D	Q	S	F	R	Z	L	P	A	V	Q
S	A	N	T	I	A	G	O	H	A	B
C	R	F	S	K	O	H	O	J	M	N
P	F	Z	M	M	A	D	R	I	D	O
Q	J	W	J	G	V	B	I	Y	C	M

SOLUCIÓN:
1. FERROL, LUGO,
MADRID, SANTIAGO

Ricardo Carvalho Calero

Le este poema autobiográfico no que fala da súa infancia.

FERROL 1916

Cinco duros pagábamnos de aluguer.
Era um terceiro andar, bem **folgado**.
Pola parte de atrás dava o Campinho,
e por diante para a rua de San Francisco.
No segundo vivía a minha tía aboa:
Tinha unha **peza** cheia de paxaros disecados
Que só abría os días de festa
para que os nenos disfrutásemos nela.
Ainda vivía minha mãe
e todos os meus irmaos viviam,
e em frente traballava o senhor Pedro o **tanoeiro**,
e a grande tenda de afeitos navais mantinha o seu **trafego**.
Na casa tinhamos pombas
e, por suposto, un grande gato mouro;
e o meu pai era novo ainda
e no mar do mundo cada día descubría eu unha ilha.
Vía o mar da minha fiestra,
e chegavam **cornetas** da marinha.
E baixava os **degraus** duas veces ao día para ir á escola,
E duas veces rubia-os de volta.
As mulheres entom usavam capa e corsé,
e íamos á aldea em coche de cavalos,
e a rua estaba ategada de pregons de sardinhas
e de ingleses que vendiam Bíblias.

...

Futuro condicional (1961-1980)



Olo!

Daríaste conta de que o galego que escribía Ricardo non é coma o que aprendes na escola, el escribía a nosa lingua con **NH** e **LH**. Chámase **galego reintegrado**.

Despois falaremos deste...

2 Segundo enigma

Une cada palabra co seu significado:

FOLGADO

PEZA

TANOEIRO

TRAFEGO

CORNETA

DEGRAU

- Tránsito
- Chanzo
- Cuarto, estancia da casa
- O que fai toneis
- Amplo
- Instrumento musical parecido á trompeta

SOLUCIÓN:
2. FOLGADO: Amplo
PEZA: Cuarto, estancia da casa
TANOEIRO: O que fai toneis
TRAFEGO: Tránsito
CORNETA: Instrumento musical parecido á trompeta
DEGRAU: Chanzo

Ricardo Carvalho Calero



Ricardo estudará por libre o Bacharelato e ao rematalo irá a Santiago de Compostela estudar **Dereito e Filosofía e Letras**. As súas notas eran brillantes!

En Santiago entrará en contacto co **galeguismo** e formará parte do **Seminario de Estudos Galegos**. A partir deste momento sempre manifestará paixón por Galiza, a súa terra, a súa historia, a súa cultura e a súa lingua.

Cando tiña 25 anos estalou a **guerra civil** e sorprendeuno en Madrid onde estaba realizando as probas de profesor.

Tras a guerra, caerá preso en **Xaén** onde permanecerá durante dous anos. Tras a súa posta en liberdade no ano 1941 regresa a Ferrol, en réxime de **liberdade condicional**. Serán anos de precariedade pois non pode exercer a avogacía nin a docencia de maneira oficial

Pero non todo son perdas: reencóntrase con Maria Ignacia, a súa muller e coñecerá á súa filla Margarita.

Ricardo cultivou todos os xéneros: **poesía, teatro, novela, ensaio...** e tamén destacou como **investigador**.




Sabías que...

Carvalho Calero defendeu a **liberdade** e a **democracia** loitando do bando republicano na Guerra Civil en contra do Golpe Militar franquista.



3 Terceiro enigma

Sabes cal foi un dos seus estudos mais importantes? Segue o labirinto para descubri-lo



A

HISTORIA DO CINEMA GALEGO

B

HISTORIA DO TEATRO GALEGO

C

HISTORIA DA LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA

SOLUCIÓN:
3. C: HISTORIA DA LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA

Ricardo Carvalho Calero

Posteriormente a familia trasládase a Lugo onde Carvalho exercerá de profesor e director do **Colexio Fingoi**. En Lugo participará na vida cultural e social da cidade e organizará veladas teatrais.

En 1965 preséntarase de novo as oposicións de profesor e acadará a súa praza elexindo como destino o instituto feminino "**Rosalía de Castro**" de Santiago de Compostela.

Pouco despois, converterase no **primeiro catedrático de galego da Universidade de Santiago** e tamén formará parte da Real Academia Galega.


No ano 1990 falece nesa mesma cidade con 80 anos deixando unha enorme lista de obras composta por poemarios, pezas de teatro, ensaios, novelas...



4 Cuarto enigma

Sabes cal é o título dunha das súas novelas mais populares publicada no ano 1987? Completa o nome:

S				P		O
---	--	--	--	---	--	---



SOLUCIÓN:
4. SCORPIO

Ricardo Carvalho Calero

Volvemos agora ao **reintegracionismo**:

Carvalho Calero defendía a **unidade lingüística galego-portuguesa**. El consideraba que o galego e o portugués son a mesma lingua. A lingua que naceu en Galicia na Idade Media foi lingua do imperio portugués e colonizou moitos territorios; hoxe fálase en varios estados que foron colonia portuguesa. **Deste xeito o galego pertence a unha comunidade de mais de 200 millóns de falantes**. Carvalho Calero pensaba que o galego debía adoptar a grafía do portugués para seren mais operativo e non acabar diluído no castelán.

Mira todos os países e territorios con **presenza da lingua portuguesa**:



Reto final


Escribe un poema autobiográfico
(que fale da túa vida ou parte dela)

Envía ao seguinte enderezo:
onlinedadadacultura@gmail.com

Tes ata a **luns 18 de marzo!**
Para as mellores creacións hai premio!
Temos preparado un conxunto de libros para celebrar as Letras Galegas.

Ficha inspirada no libro "Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso" de Héctor Cajaraville. Xerais

Consegúíche-lo!!



“O galego, como dizia Castela, é un idioma extenso e útil, porque com pequenas variantes se fala em diversos lugares de distintos continentes”

Carvalho Calero